



**B**

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,  
ALCALDE  
DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

**FAI SABER:**

**A**

Que con motivo da **FESTA DE SAN XOÁN 2020**, para poder acender os lumeiros deberase solicitar o correspondente permiso municipal, antes das 12:00 horas do día 19 de xuño no Rexistro Xeral do Concello. Queda prohibido acender lumeiros nas praias, en lugares públicos e tamén en solo rústico ou zonas próximas que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado.

Os lumeiros poderán facerse nos terreos particulares localizados en solo urbano o en solo rural respectando sempre o límite de persoas permitidas segundo a normativa vixente Covid-19 (20 persoas máximo). Así mesmo, deberán adoptarse as medidas de precaución seguintes:

**N**

*Previo ó inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro da fogueira.*

*Non se prenderá lume preto de masas forestais ( 50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.*

*Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Se iniciada a fogueira se producira a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apagar o lume.*

**D**

*Non se abandonará a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen brasas ou lapas.*

*En todo momento deberase contar con persoal e material suficiente para o seu debido control.*

*Deberanse cumprir as seguintes normas de seguridade:*

- Os lumeiros non poderán exceder de 1 m. de altura
- Non se poderán acender a menos de 50 m. das árbores
- Teranse á man caldeiros e/ou mangueiras de auga.

**O**

*Ó remate dos lumeiros deberanse recoller os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita o permiso.*

Porto do Son, 10 de xuño de 2020



O Alcalde- Presidente,

Asdo.: José Luis Oujo Pouso